

Resolución do 5 de febreiro de 2002, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/202-2, 5776 A.T.).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: L.M.T., C.T., R.B.T. sub. pistas atletismo As Pedreiras.

Situación: Lugo.

Características técnicas: L.M.T. aérea a 20 kV con lonxitude 436 m conductor tipo LA-110 con orixe en L.M.T. D-C Lugo-O Corgo e final no apoio nº 2 da mesma. L.M.T. subt. a 20 kV con lonxitude 96 m conductor tipo R.H.Z. C.T. de 250 kVA de potencia e relación de transformación 20.000/380-220 V. R.B.T. subt. conductor tipo R.V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 5 de febreiro de 2002.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Resolución do 30 de decembro de 2002, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, pola que se anuncia concurso público aberto, polo trámite de urxencia e tramitación anticipada, para a contratación dos servizos de vixilancia nos lugares de atracada das embarcacións da Subdirección Xeral de Control, Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación e da nave almacén de Portonovo.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

b) Dependencia que tramita o expediente: Subdirección Xeral de Control, Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación.

2. Obxecto.

a) Descrición do obxecto: contratación dos servizos de vixilancia nos lugares de atracada das embarcacións da Subdirección Xeral de Control, Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación e da nave almacén de Portonovo.

b) Prazo de execución: de xaneiro do 2003 ata o 31-12-2003.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente e anticipada de expediente de gasto.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento de licitación.

Importe total: quíntos trinta mil euros (530.000 euros).

5. Garantía provisional.

Non se esixe.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: servizos centrais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou nas súas delegacións territoriais.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, 5-2º.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

d) Teléfono: 981 54 40 79.

e) Telefax: 981 54 40 31.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata a data límite de presentación das ofertas.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet: <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=2149>

7. Requisitos específicos do contratista.

Non se esixen.

8. Presentación das ofertas.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación rematará ás catorce horas do oitavo día natural contado a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que coincida en sábado ou festivo, o prazo rematará ás 14 horas do seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares.